



ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación conta xeral exercicio 2019»
<b>Data</b>	13 de outubro de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 13:00 ata as 13:23 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS CASA DO CONCELLO DE PARADELA
<b>Presidida por</b>	JOSÉ MANUEL MATO DIAZ
<b>Secretario</b>	RUTH LOPEZ MOSQUERA GARCÍA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33559722P	ADRIÁN FERNÁNDEZ JUIZ	SÍ
34268461W	ANA BELÉN LÓPEZ ALVAREZ	SÍ
76619142R	BENJAMÍN LÓPEZ MATO	SÍ
34280324C	IVÁN CASTRO DÍAZ	SÍ
76619127D	JESUS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
32754081B	MARIA MONTSERRAT MULET SAR	SÍ
33860653F	ROBERTO DÍAZ LUACES	NON
34256591T	SARA ARIAS LÓPEZ	SÍ



**Escusas de asistencia presentadas:**

1. Roberto Díaz Luaces: «Viaxe»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 24 DE SETEMBRO DE 2020.**

O Sr. Alcalde - Presidente pregunta ós asistentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 24 de setembro de 2020.

Como non se formulou ningunha, o Sr. Alcalde - Presidente proclama aprobada, por unanimidade, a acta da citadas sesión, e ordena a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**Expediente 29/2020. Peche e Liquidación do Orzamento**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade

**SEGUNDO.- APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL ANO 2019.**

Visto o expediente tramitado para aprobación da Conta Xeral 2019, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na súa sesión extraordinaria celebrada o día 18 de agosto de 2020.

Visto que a devandita Conta foi sometida a información pública mediante anuncios insertos no Boletín Oficial da provincia nº 193, correspondente ó día 24 de agosto de 2020, e no taboleiro de edictos do Concello, sen que durante o prazo de quince días hábiles e os oito días seguintes se formularan reclamacións, reparos ou observacións.

Sometido o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por



unanimidade dos seus membros presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á Conta Xeral correspondente o exercicio de 2019, nos termos e ca documentación que consta no expediente.

**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, en cumprimento do establecido no artigo 212.5 do TRLRHL.

**Expediente 145/2020. Modificación de Crédito**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade

**TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2020/09, MODALIDADE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTOS NÚM. 2020/03.**

Vista a necesidade de consignar crédito adecuado e suficiente, para facer fronte a diversas necesidades acaecidas dende a aprobación do Presuposto do exercicio 2020, e tendo en conta o disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40, 41 e 42 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, e as Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020, que consiste en facer fronte a unha serie de gastos para os que non existe consignación habilitada ao efecto no Orzamento de Gastos para o ano 2020, tales como:

<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE (€)</b>
453.619	REXENERACIÓN ACEVEDO	31.579,34
453.619	REXENERACIÓN EDRADA	22.217,10
165.639	LIQUIDACIÓN OBRA "RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN PARADELA"	3.967,82
153.639	LIQUIDACIÓN OBRA "HUMANIZACIÓN DE ENTORNO DE EDIFICACIÓNS E EQUIPAMENTOS DOTACIONAIS"	2.422,00
<b>TOTAL</b>		<b>60.186,26</b>

**VISTO** o expediente tramitado para a transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto (EMC2020.09 – TC2020.03)



**VISTO** o Informe de Intervención para a Modificación orzamentaria Nº 17/2020, de data 07/10/2020.

Considerando que esta modificación do Orzamento Municipal non altera a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras partidas orzamentarias con diferente vinculación xurídica, é por iso, que neste caso, non resulta necesario presentar informe avaliando a Estabilidade Orzamentaria con motivo da devandita modificación Orzamentaria, xa que a mesma non altera a contía do Orzamento.

De conformidade co establecido nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e e 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- A aprobación do expediente de modificación orzamentaria EMC2020.01 – TC2020.01, e, en consecuencia, a transferencia de créditos no Orzamento Municipal para 2020, entre as aplicacións que deseguido relaciónanse, segundo se detalla na seguinte táboa:

**APLICACIÓNS QUE DIMINÚEN**

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Denominación</b>	<b>Importe (€)</b>
161.619	CAPTACIÓN DE AUGAS A PENA – FERREIROS E LIMÍTROFES	50.000,00
338.480	SUBVENCIÓN NOMINATIVA COMISIÓN FESTAS DE CASTRO DE REI DE LEMOS	2.000,00
338.480	SUBVENCIÓN NOMINATIVA COMISIÓN DE FESTAS DE PARADELA	3.000,00
334.480	SUBVENCIÓN NOMINATIVA ADESPA	4.200,00
334.480	SUBVENCIÓN NOMINATIVA MOTOCLUBE OS MOUCHOS	986,26
	<b>TOTAL</b>	<b>60.186,26</b>

**APLICACIÓNS EN AUMENTO**



<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Denominación</b>	<b>Importe (€)</b>
453.619	REXENERACIÓN ACEVEDO	31.579,34
453.619	REXENERACIÓN EDRADA	22.217,10
165.639	LIQUIDACIÓN OBRA "RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN PARADELA"	3.967,82
153.639	LIQUIDACIÓN OBRA "HUMANIZACIÓN DE ENTORNO DE EDIFICACIÓNS E EQUIPAMENTOS DOTACIONAIS"	2.422,00
	<b>TOTAL</b>	<b>60.186,26</b>

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

#### **Expediente 144/2020. Procedemento Xenérico**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade

Vista a comunicación de data 25/09/2020 (registro de entrada 2020-E-RC-583), da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, sobre o Calendario Laboral para o ano 2021, no que establécese como prazo límite, o 30 de outubro de 2020, para ó sinalamento dos dous festivos que se fixan como festas locais no Concello de Paradelas.

De conformidade co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, serán inhábiles para o traballo, retribuídos e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas pola autoridade laboral competente a proposta do pleno do concello correspondente.





Aberta a deliberación non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

**PRIMEIRO:** Sinalar como festas locais neste municipio para o ano 2021 os seguintes días:

- O día 16 de febreiro de 2021 establécese como inhábil por ser a festividade do “martes de Entroido”.
- O día 29 de setembro de 2021 establécese como inhábil por ser a festividade de “San Miguel”, patrón de Paradela.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, ós efectos oportunos, indicando un teléfono, enderezo electrónico e persoa responsable de contacto para este asunto polas dúbidas que puideran xurdir.

#### Expediente 147/2020. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade

#### QUINTO.- MOCIÓNS DOS GRUPOS.

Dáse conta da Moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular ao obxecto de **instar á Deputación Provincial de Lugo á mellora das vías provinciais que comunican Paradela co Concello do Saviñao**, cuxo tenor literal transcríbese a continuación:

**“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE PARADELA PARA ONSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á MELLORA DAS VÍAS PROVINCIAIS QUE COMUNICAN PARADELA CO CONCELLO DO SAVIÑAO**

#### **Exposición de motivos:**

*Con Motivos das obras de construción dos parques eólicos Serra das Penas, nas parroquias de Castro de Rei e Aldosende, e Paravento (Paradela), no monte veciñal Bosque e Serra Lagüela, das parroquias de Andreade, Barán e Vilaragunte, e monte de Santa Cristina, fai dous anos celebráronse varias reunións nas que participaron representantes deste concello, representantes do goberno e técnicos da Deputación Provincial de Lugo e o responsable da empresa Enel Green Pover España, S.L., coa finalidade de garantir que as vías provinciais que soportaron o tráfico destas obras quedaran en bo estado.*

*Concretamente, as vías que seguidamente se indican víronse afectadas polas obras de adaptación para os accesos de transportes especiais previstos para o montaxe*







dos compoñentes de aeroxeneradores:

*LU-P4201 de Paradela a Foilebar, seguindo pola LU-P4025 de Foilebar por Feasita ao cruce de San Roque e dende este punto pola LU-042-018, que segue ata o límite co Concello do Saviñao; continuando pola vía provincial que pasa por Vilaçaiz ata Currelos.*

*Estas estradas constitúen, xunto coa LU-41-01 no Saviñao, a entrada natural do Centro Sur da provincia de Lugo, que dende a Nacional 120, no Concello de Ferreira de Pantón, alto de Guítara, pasando por Escairón, a Currelos, onde se cruza coa vía autonómica LU-546, Rubián-Taboada, seguido por Vilaçaiz a Foilebar e Paradela para rematar na LU-633 tamén autonómica, formando así unha unidade, que ten unha alta densidade de tráfico, fundamentalmente vehículos pesados e camións procedentes da provincia de Ourense, e da zona norte do Saviñao, sendo a entrada natural á RIBEIRA SACRA NORTE, que comprende os concellos de Portomarín e Paradela. É máis, a distancia máis curta á capital da provincia tanto para o Saviñao, como Ferreira de Pantón, será a través desta vía. Polo tanto só se terá que actuar en 15 kms., que é a distancia que separa Paradela de Currelos.*

*Cabe destacar, por unha banda, que dita empresa, no marco da súa responsabilidade, depositou, no seu día, un aval de 300.000, 00 €. Por outra banda, existe un compromiso da Deputación de aportar 1.000.000,00 € para levar a cabo a mellora completa destas vías de xeito que as mesmas finalmente reúnan as características de seguridade necesarias. Por parte do Concello maniféstase a vontade de ofrecer toda a colaboración para acadar o proposto.*

*En principio, unicamente está previsto que estas vías sexan reconstruídas en aglomerado asfáltico, pero coas mesmas medidas de caixa, firme, arcén e cunetas, a todas luces, moi deficientes para o tráfico que veñen soportando (unha medida de 684 vehículos diarios segundo datos da institución provincial) xa que quedarían como tramo existente dende o Garandón ao cruce da Serra, no que habitualmente o cruce dun camiión cun turismo, tense que facer parando, e cando non é así, un dos dous sáese da vía, o que trae consigo unha alta sinistralidade.*

*Este grupo ten coñecemento da existencia de levantamentos topográficos e proxectos na Deputación con relación con isto, polo que unha gran parte do traballo de campo estaría feito.*

*Ao abeiro de todo o manifestado o Grupo Municipal do Partido Popular somete a consideración do Pleno da Corporación e aprobación, se o considera o seguinte*  
**ACORDO:**

*Instar á Deputación Provincial de Lugo para que, á maior brevidade posible, inicie e execute as obras de mellora necesarias nas vías provinciais anteriormente sinaladas (incluída a adquisición dos terreos precisos) para dotar a estas infraestruturas das características dunhas vías seguras e modernas que veñan a desenvolver unha ampla zona rural, cun gran número de explotacións gandeiras e vertebrando con ela o Centro Sur da Provincia de Lugo."*

Aberta a deliberación, prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. Alcalde, expón que a empresa que vai construír os parques eólicos ten que reconstruír as vías tanto provinciais como municipais xa que a maquinaria que vai





pasar por elas é moi pesada; e o que pretendemos e que aproveitando esta actuacións e a reposición que farán das vías; pola Deputación se expropien tres metros de ancho, xa que a vía con dez metros sería suficiente, mellor serían doce, pero bueno, tres metros a maiores dos existentes serían suficientes. Existen levantamentos topográficos, polo que parte do traballo xa estaría feito.

Di asemade, que se fixo un aforo da estrada pola propia Deputación que deu coma resultado unha media de 684 vehículos diarios, o que pon de manifesto o alto tránsito que ten esta vía.

Entendemos que sería unha cuestión sinxela, que se non se pode facer nun ano, que se faga en dous e tampouco serían os 15 quilómetros, xa que ata o Gandarón hai case dous quilómetros que xa están.

Fíxose unha limpeza das cunetas o que amplía o arcén dándolle un metro máis de ancho o que facilitaría o tránsito dos vehículos, pero non é suficiente.

Así mesmo, aproveita a súa intervención para solicitar a colaboración do PSdeG-PSOE nunha posible xestión co Presidente da Excm. Deputación de Lugo para impulsar esta moción.

O voceiro do PSdeG – PSOE, D. Iván Castro Díaz, amosa a súa total colaboración co Concello en calquera xestión que se poida levar a cabo para sacar adiante esta moción, posto que considera que redundaría en beneficio da veciñanza. Non obstante, considera que o principal impulso debería vir encabezado polo Alcalde – Presidente do Concello que é quen ostenta a súa representación.

O Sr. Alcalde agradece o seu ofrecimiento e toma a palabra, dicindo que se ben a vía de Mosteirovello e a de O Páramo, son moi importantes, esta vía é fundamental por que é un arteria de conexión da provincia, e entende que en Paradela co 90 % dos propietarios se chegaría a un mutuo acordo, por que a poboación é consciente desta necesidade.

A continuación procédese á votación da Moción, que resulta aprobada pola unanimidade dos seus membros presentes.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e tres minutos do trece de outubro de dous mil vinte, exténdose a presente acta da que coma Secretaria-Interventora dou fe.**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE**

